Andryala integrifolia L., 1753

	andriala de folla enteira, a. ondeada, tripa de ovella
	pata de perro, chicoria de la pared
	llongera integrifòlia, herba de l'ull, herba blanca
	common andryala
	alface do monte, tripa de ovelha, erva polvilhenta



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Andryala***

ORIXE

Rexión mediterránea e suroeste de Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta bienal a perenne, con talos ramosos de ata 80 cm, recuberta de pubescencia mesta, amarela e glandulosa. Follas lineares a oblongo-lanceoladas; as inferiores pecioladas e as superiores amplexicaules, enteiras a pinnatisectas, recubertas de dous tipos diferentes de pelos, estrelados e curtos. As flores son capítulos de cor amarela limón, que forman corimbos na parte superior do talo. Todas son linguladas, hermafroditas e con cinco dentes no seu extremo, coas das lígulas externas amosando ás veces unha liña lonxitudinal morada no centro. O froito é un aquenio, un tipo de froito seco indehiscente que contén unha soa semente. Ten un papo (vilano) de pelos agrisados ou verdosos que pode ser plumoso ou caduco.

HÁBITAT

Pastos pedregosos, bordos de camiños, cunetas e outros solos secos e lixeiros, a miúdo areosos ou silíceos.

DISTRIBUCIÓN

Rexión mediterránea e suroeste de Europa, aínda que tamén pode estar presente no centro e norte de Europa.

CURIOSIDADES

A diferenza doutras plantas da familia, produce látex. Atribúenselle propiedades antiinflamatorias, cicatrizantes e astrinxentes, usándose para tratar furúnculos, feridas, úlceras, e problemas da pel e mucosas.